

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA**  
CELEBRADA O DÍA 18 DE XULLO DE 2011

**SRES. ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

**CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:**

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS  
D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ  
DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO  
D. LUIS GARRIGOS VILLALBA  
DONA MARÍA ELENA SUÁREZ SARMIENTO  
D. ANTONIO CARBALLO BRIANES  
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ  
DONA FLORA M<sup>a</sup> A. RODRIGUEZ BARREIRO  
D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA  
D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO  
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. XOSÉ CASTRO RATÓN  
DONA ANA I. LORENZO FRAGA  
D. XURXO C. ABUÍN RODRÍGUEZ  
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO  
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO  
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

**SECRETARIA:**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA:**

DONA CARMEN GÓMEZ OTERO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezasete horas do día 18 de xullo de 2011, baixo a Presidencia de D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ, e coa asistencia da Secretaria [secretaria], reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de xuño de 2011.

2.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xuño.

3.- Dar conta da aceptación dos cargos con dedicación exclusiva.

4.- Dar conta dos representantes dos grupos políticos municipais nos órganos colexiados.

5.- Dar conta da resolución da Alcaldía sobre a presidencia das Comisións Informativas.

6.- Ratificación, se procede, da representación municipal no Consello Local da Terceira Idade.

7.- Aprobación, se procede, da modificación do acordo plenario de 27-07-2007 sobre a presenza da Corporación Municipal nos actos relixiosos.

8.- Aprobación inicial, se procede, do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa.

9.- Aprobación, se procede, de expediente de modificación de créditos nº 2/2011 por suplemento de crédito para facer fronte ao custo do Servizo de Axuda no Fogar.

10.- aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre o rexeitamento ao pacto do euro.

11.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE sobre as políticas en materia de montes e en relación coa prevención e defensa contra incendios forestais.

12.- Interpelacións

13.- Rogos e preguntas.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, ADA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE XUÑO DE 2011..-** Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

O Sr. Fajardo Recouso quere facer as seguintes correccións:

– Na páxina 12:

Ao comezo da súa intervención se obvia o tema fundamental que é resaltar a difícil situación económica pola que pasan as familias.

No parágrafo no que di “As dedicacións exclusivas ascenden a 35.000 € cada unha e se se reduce a membros pode empregar o diñeiro na praia fluvial.” debe dicir:

“As dedicacións exclusivas ascenden a 35.000 € cada unha e se o Sr. Alcalde se reduce o soldo tamén a 35.000 €, o diñeiro restante podería empregalo na praia fluvial.

– Na páxina 13:

Onde di”que no 2003 discutían se se liberaba ao Sr. Fole e pelexábase pola Guerra de Irak” debe dicir: “que no 2003 discutían se se liberaba ao Sr. Fole e na Rúa EU manifestábase en contra da guerra de Irak”.

– Na páxina 24:

Onde di que o Pleno debe nomear aos Concelleiros nos órganos colexiados tal e como consta na orde do día.

Debe dicir: que o Pleno debe nomear aos Concelleiros nos órganos colexiados e non a representatividade de cada grupo político municipal.

Coas correccións antes citadas acórdase aprobar a acta por unanimidade.

**2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-** Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións emitidas pola Alcaldía:

### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XUÑO 2011:**

6.- Orde representación e defensa intereses do concello exercidas por Letrado en procedemento xudicial.

2.- Aprobación Liquidación ICIO

4.- Aprobación liquidación Taxa para Concesión de Licenzas urbanísticas.

2.- Declaración de caducidade de expediente licenza municipal de actividade.

9.- Concesión licenza municipal de apertura de establecemento/actividade.

1.- Desestimento da solicitude de transmisión de licenza municipal de actividade/apertura.

5.- Concesión de licenza de segregación/cesión de terreos.

3.- Arquivo expediente solicitude licenza de obra

2.- Arquivo expediente solicitude licenza de apertura establecemento/actividade.

4.- Autorización de transmisión de licenza municipal de apertura establecemento/actividade.

4.- Autorización de subrogación solicitude licenza municipal de apertura/ actividade.

62.- Concesión de licenza de obra menor.

1.- Orde de retirada de terraza por carecer de licenza municipal para a súa instalación.

- 18.- Compensación débitos e créditos.
  - 14.- Orde de pago de facturas.
  - 2.- Inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións
    - 1.- Imposición sanción por expediente sancionador estado abandono can.
    - 2.- Concesión autorización cachadas.
    - 3.- concesión de autorización para celebración bailes e verbenas populares.
    - 1.- Orde de exhumación de restos mortais.
    - 1.- Imposición de sanción por infracción da ordenanza municipal regulamento xeral de vehículos.
    - 2.- Expediente Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos.
  - 8.- Recoñecemento de obrigación de gasto.
  - 10.- Declaración de prescripción de infraccións de tráfico.
  - 14.- Declaración de sobresemento de infraccións de tráfico.
  - 63.- Desestimar alegacións por infraccións de tráfico.
    - 1.- Orde de pago de sanción.
    - 2.- Declarar a prescripción de infraccións.
      - 1.- Declarar a terminación de procedementos por anulabilidade.
    - 1.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
      - 1.- Concesión prazo para legalización obras.
      - 1.- Concesión prazo para solicitar licenza municipal de obras.
      - 2.- Desestimar recurso de reposición.
        - 1.- Imposición multa coercitiva.
      - 1.- Arquivar expediente de reposición de legalidade urbanística
        - 1.- Nomeamento persoal eventual Xefa de Gabinete de Alcaldía
        - 1.- Nomeamento persoal eventual Director de Actividades Deportivas
      - 1.- Recoñecemento de obrigación e ordenación do pago aportación municipal Plan de Pensións.
        - 1.- Recoñecemento de despido improcedente e ofrecemento de indemnización.
        - 1.- Nomeamento interventora accidental.
      - 5.- Concesión de gratificación a persoal.
        - 1.- Autorizar disfrute de licenza sen soldo.
      - 10.- Adscrición temporal de persoal a distintos servizos.
        - 1.- Constitución de tribunal.
        - 2.- Denegación licenza
      - 6.- Caducidade expediente administrativo sancionador por infracción de horario peche.
        - 3.- Aprobación gasto taxa publicación anuncio BOP.
        - 2.- Sobresemento expediente sancionador.
        - 2.- Inscripción no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
        - 2.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos.
        - 4.- Concesión de tarxeta de armas.
        - 6.- Concesión de licenza 1ª ocupación, auga e saneamento.
          - 1.- Ordear continuación obras de urbanización.
      - 12.- Concesión obras maiores.
        - 1.- Conceder prórroga licenza obra.
- TOTAL: 318

O Concello Pleno queda sabedor.

**3.- DAR CONTA DA ACEPTACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA..-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

“Dáse conta da aceptación por D. Tomás Javier Fole Díaz, Dona Rocio Ana Llovo del Río e Dona M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarmiento, do desempeño dos cargos con dedicación exclusiva de conformidade coa resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2011.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

**4.- DAR CONTA DOS REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NOS ÓRGANOS COLEXIADOS..-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

“ Dáse conta da representación dos distintos grupos municipais nos órganos colexiados, de conformidade co acordo plenario de 27 de xuño de 2011:

#### **COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

##### **COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS:(13)**

###### **PP(6)**

Tit: D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA.....	Supl: DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO.
Tit: D. LUIS GARRIGÓS VULLALBA.....	Supl: DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO
Tit: D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ.....	Supl: DONA MARTA RODRÍGUEZ ÁRIAS.
Tit: D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ.....	
Tit: D. ANTONIO CARBALLO BRIANES.....	
Tit: DONA ÁNGELES RODRIGUEZ BARREIRO..	

###### **P.S de G-PSOE(3)**

Tit: D. LINO MOURIÑO SANTIAGO.....	Supl: DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ.
Tit: D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO.....	Supl: D. ARGIMIRO SERÉN MERA.
Tit: DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN.....	

###### **BNG(2)**

Tit: D. XOSÉ CASTRO RATÓN .....	Supl: D..XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ
Tit: DONA ANA LORENZO FRAGA.....	Supl: D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ

###### **EU(1)**

Tit: D.JUAN M. FAJARDO RECOUSO.....	Supl: D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO.
-------------------------------------	-------------------------------

###### **IVIL(1)**

Tit: D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE TRABAJO E BENESTAR SOCIAL:(13)**

#### **PP (6)**

Tit: DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO..... Supl: D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA.  
Tit: D. LUIS GARRIGÓS VILLALBA..... Supl: DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO  
Tit: D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ..... Supl: DONA MARTA RODRÍGUEZ  
ÁRIAS  
Tit: D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ.....  
Tit: D. ANTONIO CARBALLO BRIANES.....  
Tit: DONA ÁNGELES RODRÍGUEZ BARREIRO.....

#### **P.S de G-PSOE(3)**

Tit: DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN..... Supl: D. LINO MOURIÑO SANTIAGO.  
Tit: DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ..... Supl: D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO.  
Tit: D. ARGIMIRO SERÉN MERA.....

#### **BNG(2)**

Tit: DONA ANA LORENZO FRAGA..... Supl: D. XOSÉ CASTRO RATÓN  
Tit: D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ..... Supl: D. XOSÉ CASTRO RATÓN

#### **EU(1)**

Tit: D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO..... Supl: D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO

#### **IVIL(1)**

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS E SERVIZOS:(13)**

#### **PP (6)**

Tit: D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA..... Supl: DONA ELENA SÁNCHEZ  
SARMIENTO  
Tit: D. LUIS GARRIGÓS VILLALBA..... Supl: DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO  
Tit: D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ..... Supl: DONA MARTA RODRÍGUEZ ÁRIAS.  
Tit: D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ.....  
Tit: D. ANTONIO CARBALLO BRIANES.....  
Tit: DONA ÁNGELES RODRÍGUEZ BARREIRO.....

#### **PSOE (3)**

Tit: DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN..... Supl: D. LINO MOURIÑO SANTIAGO.  
Tit: DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ..... Supl: D. ARGIMIRO SERÉN MERA.  
Tit: D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO.....

**BNG (2)**

Tit: D. XOSÉ CASTRO RATÓN.....Supl: DONA ANA LORENZO FRAGA.

Tit: D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ.....Supl: DONA ANA LORENZO FRAGA.

**EU (1)**

Tit: D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO..... Supl: D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO

**IVIL (1)**

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

**COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTE, XUVENTUDE E TURISMO:(13)**

**PP (6)**

Tit: D. LUIS GARRIGÓS VILLALBA.....Supl: DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

Tit: D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA.....Supl: DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO

Tit: D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ.....Supl: DONA MARTA RODRÍGUEZ ÁRIAS

Tit: D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ.....

Tit: D. ANTONIO CARBALLO BRIANES.....

Tit: DONA ÁNGELES RODRÍGUEZ BARREIRO.....

**PSOE (3)**

Tit: D. LINO MOURIÑO SANTIAGO.....Supl: DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN.

Tit: D. ARGIMIRO SERÉN MERA.....Supl: D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO.

Tit: DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ.....

**BNG (2)**

Tit: D. XOSÉ CASTRO RATÓN.....Supl: D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ.

Tit: DONA ANA LORENZO FRAGA.....Supl: D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ.

**EU (1)**

Tit: D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO..... Supl: D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO.

**IVIL (1)**

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

**CONSELLO ESCOLAR DOS CENTROS DE EDUCACIÓN:** Correspondéndolle ao Alcalde ou membro en quen delegue, propónse do seguinte xeito:

- I.E.S. Castro Alobre - **Dona Flora M<sup>a</sup> de los Angeles Rodríguez Barreiro (PP)**
- I.E.S. Miguel Angel González Estévez - **D. Luis Garrigós Villalba (PP)**
- I.E.S. Fermín Bouza Brey - **D. Xurxo Abuín Rodríguez (BNG)**
- I.E.S. Armando Cotarelo Valledor - **D. Antonio Carballo Brianes (PP)**
- C.E.I.P. A Lomba e Anexo A Lomba - **D. Lino Mouriño Santiago (P.S. de G- PSOE)**
- C.E.I.P A Escardia - **Dona Tania García Sanmartín (P.S. de G- PSOE)**

- C.E.I.P Vilaxoán - **D. Manuel Tarrío Fernández (PP)**
- C.E.I.P O Piñeiriño - **Dona Ana Lorenzo Fraga (BNG)**
- C.E.I.P Vagalume - **D. Manuel Rodríguez Cuervo (P.S. de G-PSOE)**
- C.E.I.P Arealonga - **D. Jesús Longa Sánchez (PP)**
- C.E.I.P O Carril - **Dona Susana Camiño Pérez (P.S. de G-PSOE)**
- C.E.I.P Rubiáns - **D. José Manuel Pardal García (PP)**
- Centro de Educación Especial - **Dona Elena Suárez Sarmiento (PP)**
- Conservatorio Municipal de Música - **Dona Rocío LLovo del Río (PP)**
- Escola Oficial de Idiomas – **D. José Luis Rivera Mallo**
- Escola Infantil do Carril – **D. Juan Manuel Fajardo Recouso**
- Comisión de Escolarización de Vilagarcía de Arousa – **D. Ramón Bueno Piñeiro**  
(Artigo 43, apartado d) da Orde de 17 de marzo de 2007 (DOG do 19 de marzo):

**CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA: (2)**

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO (P.S. de G-PSOE)  
D. XOSÉ CASTRO RATÓN (BNG)

**CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: (6)**

DONA FLORA MARÍA ÁNGELES RODRÍGUEZ BARREIRO - CONCELEIRA DE CULTURA  
(PP)  
DONA: MARTA RODRÍGUEZ ARIAS  
(PP)  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA (P.S. de G-PSOE)  
D. XOSÉ CASTRO RATÓN (BNG)  
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO (EU)  
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO (IVIL)

**FUNDACIÓN FEXDEGA:(3)**

D. LUIS GARRIGÓS VILLALBA (PP)  
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN (P.S. de G-PSOE)  
D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ (BNG)

**CONSELLO LOCAL DE CONSUMO: (7)**

PRESIDENTE: ALCALDE (PP)  
VICEPRESIDENTA: DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO (PP)  
D. ANTONIO CARBALLO BRIANES (PP)  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO (P.S. de G-PSOE)  
D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ (BNG)  
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO (EU)  
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO (IVIL)

**CONSELLO DE CONSULTIVO ECONÓMICO E SOCIAL: (7)**

PRESIDENTE: ALCALDE	(PP)
DONA MARTA RODRÍGUEZ ÁRIAS	(PP)
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	(PP)
D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA	(PP)
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ	(P.S. de G- PSOE)
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	(P.S. de G- PSOE)
D. XOSÉ CASTRO RATÓN	(BNG)

**COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUIMIENTO :**

**ACORDO MARCO:(3)**

DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO	(PP)
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	(P.S. de G-PSOE)
DONA ANA LORENZO FRAGA	(BNG)

**CONVENIO COLECTIVO: (1)**

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	(P.S. de G-PSOE)
--------------------------	------------------

**COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSIÓNS:(3)**

D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA	(PP)
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	(P.S. de G-PSOE)
D. XOSÉ CASTRO RATÓN	(BNG)

**MESA DE CONTRATACIÓN: (6)**

PRESIDENTE: ALCALDE	(PP)
DONA MARÍA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	(PP)
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN.....SUPL// D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	(P.S. de G-PSOE)
D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ SUPL/DONA ANA I. LORENZO FRAGA	(BNG)
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO ...SUPL//D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO	(EU)
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO	(IVIL)

**CONSELLO VECIÑAL:(5 )**

D. ANTONIO CARBALLO BRIANES	(PP)
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO.	(P.S. de G-PSOE)
D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ - SUPL/ DONA ANA LORENZO FRAGA	(BNG)
D. D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO ...SUPL//D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO	(EU)
D.JOSÉ LUIS RIVERA MALLO	(IVIL)

**COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL: (6)**

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ - PRESIDENTE	(PP)
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	(PP)
DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO	(PP)
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ	(P.S. de G-PSOE)
DONA ANA LORENZO FRAGA - SUPL// D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ	(BNG)
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO	(EU)

**CONSELLO LOCAL DA MULLER: (6)**

PRESIDENTE: ALCALDE OU CONCELLEIRA EN QUEN DELEGUE	(PP)
DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO	(PP)
DONA: TANIA GARCÍA SANMARTÍN	(P.S. de G-PSOE)
DONA ANA LORENZO FRAGA	(BNG)
DONA MARÍA ORDAS PLATIS	(EU)
DONA CELSA BARREIRO BREA	(IVIL)

**F.P.S.D.M. (9)**

PRESIDENTE: D. LUIS GARRIGÓS VILLALBA	(PP)
CONCELLEIRO - D.JOSÉ M. PARDAL GARCÍA	(PP)
REPRSNT. NON MUNICIPAL- D. CRISTIAN GARCÍA FRESCO	(PP)
CONCELLEIRO - D. ARGIMIRO SERÉN MERA.	(P.S. de G-PSOE)
REPRSNT. NON MUNICIPAL- D. JULIO TORRADO QUINTELA.	(P.S. de G-PSOE)
D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ - SUPL/ DONA ANA LORENZO FRAGA	(BNG)
REPRSNT. NON MUNICIPAL- D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ// D.RICARDO NÚÑEZ CORES	(BNG)
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO	(EU)
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO	(IVIL)

**XERENCIA DE URBANISMO: (6)**

PRESIDENTE: ALCALDE	(PP)
DONA MARÍA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	(PP)
DONA: TANIA GARCÍA SANMARTÍN. //SUPL. D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	(P.S. de G-PSOE)
DONA ANA LORENZO FRAGA // SUPL. D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ	(BNG)
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO // SUPL. D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO	(EU)
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO	(IVIL)

**MESA LOCAL DE COMERCIO:(3)**

PRESIDENTE: ALCALDE	(PP)
DONA: SUSANA CAMIÑO PÉREZ	(P.S. de G-PSOE)
DONA ANA LORENZO FRAGA.//SUPL. D. XURXO ABUÍN RODRÍGUEZ	(BNG)

O Concello Pleno queda sabedor.

**5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A PRESIDENCIA DAS COMISIONS INFORMATIVAS..-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da resolución da Alcaldía do teor seguinte:

“O Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2011, acordou o seguinte:

1) A creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes que terán por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, e o seu número e determinación se corresponde coas áreas de xestión en que se organiza o Goberno Local:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.
- Comisión Informativa de Traballo e Benestar Social.
- Comisión Informativa de Obras e Servizos.
- Comisión Informativa de Cultura, Deporte, Xuventude e Turismo.

2) Cada Comisión estará integrada mediante a presenza dos corporativos pertencentes aos grupos políticos en proporción ao número de concelleiros que teñen na Corporación, é dicir:

- Grupo Político do PP: 6 concelleiros.
- Grupo Político do PSdeG-PSOE: 3 concelleiros.
- Grupo Político do BNG: 2 concelleiros.
- Grupo Político de EU: 1 concelleiros.
- Grupo Político Mixto (IVIL) 1 concelleiros

Tendo en conta que o artigo 125 do ROF establece que o Alcalde é o Presidente nato de tódalas Comisións Informativas e que poderá delegar a Presidencia efectiva en calquera membro da Corporación, esta Alcaldía acorda o seguinte:

Delega-la presidencia da Comisións Informativas que se citan nos/as seguintes concelleiros/as:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas:

Presidente: D. José Manuel Pardal García

- Comisión Informativa de Traballo e Benestar Social:

Presidenta: Dona M<sup>a</sup> Elena Suárez Sarmiento

- Comisión Informativa de Obras e Servizos:

Presidente: D. José Manuel Pardal García

- Comisión Informativa de Cultura, Deporte, Xuventude e Turismo:

Presidenta: D. Luis Garrigós Villalba.

Así o dispuxo e asina en Vilagarcía de Arousa a cinco de xullo de dous mil once.

O Alcalde-Presidente,  
Tomás Javier Fole Díaz

Ante min A Secretaria,  
Rosa Losada Suárez

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

**6.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA REPRESENTACIÓN MUNICIPAL NO CONSELLO LOCAL DA TERCEIRA IDADE..-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta de representantes dos grupos políticos municipais no Consello Local da 3ª Idade:

**CONSELLO MUNICIPAL DA TERCEIRA IDADE:(5)**

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	(PP)
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO // SUPL. DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ	(P.S. de G-PSOE)
DONA ANA LORENZO FRAGA.	(BNG)
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO	(IVIL)

O Grupo Municipal de EU fará a proposta de designación no Pleno da Corporación.

A Comisión, por unanimidade, informa favorablemente a proposta de representantes citada.

Polo grupo municipal de EU propónse D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO, polo que os representantes no Consello Local da 3ª Idade son:

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	(PP)
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO // SUPL. DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ	(P.S. de G-PSOE)
DONA ANA LORENZO FRAGA.	(BNG)
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO	(IVIL)
D. RAMON BUENO PIÑEIRO	(EU)

Sometido a votación polo Sr. alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (21 de 21), acórdase aprobar a proposta de representantes dos grupos políticos municipais no Consello Local da 3ª Idade.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 27-07-2007 SOBRE A PRESENZA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NOS ACTOS RELIXIOSOS..-**

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Voceira do Grupo Municipal do PP do teor seguinte:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO DO 27 DE XULLO DE 2007 SOBRE A PRESENZA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NOS ACTOS DE CARÁCTER RELIXIOSO.

A Constitución Española, no seu artigo 16.3 establece que “ningunha confesión terá carácter estatal”, e engade “Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa igrexa católica e as demais confesións”.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 21 estipula que o alcalde ó o presidente da Corporación que ostenta, entre outras atribucións, as de representar ao Concello.

No exercicio desa representación, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. A Corporación Municipal, cuxa representación corresponde por Lei ao Alcalde, poderá asistir de xeito oficial ás celebracións relixiosas que, por transcender do ámbito puramente relixioso se considere oportuno asistir, por representar ao sentir maioritario dos cidadáns de Vilagarcía.
2. A Corporación Municipal de Vilagarcía reitera e ratifica o seu apoio a todas cantas manifestacións culturais e relixiosas se celebran en todos os lugares e parroquias do Concello, asistindo aos actos cando sexa convidada, para o que o alcalde dará conta das invitacións que cheguen ao Concello a cada un dos portavoces dos grupos municipais.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN:**

Os representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PSOE, BNG, EU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente proposta de modificación do acordo plenario de 27 de xullo de 2007 tal e como figura redactada.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que no ano 2007 se aprobou co voto favorable de EU, BNG e PSdeG-PSOE unha proposta dos voceiros do PSdeG-PSOE e BNG sobre a presenza da Corporación Municipal nos actos de carácter relixioso.

O citado acordo está vixente e no apartado 2 do mesmo di que “A Corporación Municipal, cuxa representación corresponde por Lei á alcaldesa, deixará de asistir de xeito oficial ás celebracións relixiosas, agás en aquelas que, por transcender do ámbito puramente relixioso se considere oportuno asistir, por representar o sentir maioritario dos cidadáns de Vilagarcía”.

Con ese acordo do 2007, tanto o Alcalde como os concelleiros poderían asistir aos actos relixiosos, pero nunca se obrigou a ninguén a asistir a un acto relixioso.

Diciáse no ano 2007 que ten a representación a Alcaldesa e se quería deixar de obrigar a Alcaldesa a ir ás procesións. Agora non se quere obrigar a ninguén.

No ano 2007 había unha incongruencia pois se dicía que non asistiría a Corporación aos actos relixiosos e se deixaba a porta aberta ás celebracións relixiosas que transcendían do ámbito relixioso.

Agora quérese deixar claro que esta nova corporación quere asistir cando o considere oportuno aos actos relixiosos. Finalmente sinala que ese acordo do ano 2007 se incumpriu por concelleiros do Grupo de Goberno, e do PP pois asistiuse a actos relixiosos, e agora parece necesario que quede clara a postura do goberno municipal.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que asistiu a ese Pleno e dixo que o acordo de 2007 era un erro, que rompía a tradición. Todos os cidadáns se sentiron insatisfeitos, algúns ignoraron as relacións Igrexa – Estado. As retransmisións de actos relixiosos nos medios de comunicación públicos e incluso socialistas polo cristianismo e votará a favor desta proposta e asistirá aos actos relixiosos aos que sexa invitado.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que é clarificador que se marquen as prioridades, no primeiro pleno o soldo do Alcalde e no 2º os actos relixiosos.

Ao grupo municipal de EU lle parece un retroceso nun estado laico e réndese pleitesía ante a Igrexa, que coas súas posturas condena a morte a persoas do 3º mundo e non resolve os seus problemas delictivos.

Hoxe este pleno, o día 18 de xullo, adopta a decisión de volver á Igrexa. Nas vindeiras festas as Autoridades Municipais van ir dende o Concello á Igrexa Parroquial e non ten sentido nunha sociedade moderna, o grupo do PP son unha parte da Igrexa retrógrada.

A conciencia é un elemento católico, hai tradicións como esta que ven da ditadura, non sae do pobo e da cidadanía.

EU vai a votar en contra, pide a retirada da proposta, e solicita que se someta a referendo municipal a pleitesía á Igrexa.

Di que o PP asiste ás celebracións relixiosas e sen embargo non a outros sitios onde os chaman, como atender os problemas dos traballadores de Fexdega.

EU está en contra, non debe ir ningún concelleiro en representación do Concello ás procesións e débese eliminar que o cura acuda ás inauguracións municipais.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que o BNG vai a manter a mesma postura que no 2007. Hai unha proposta para inverter o acordo inicial. A Constitución sinala que os órganos públicos deben ser independentes da Igrexa.

As manifestacións relixiosas son opcións persoais. Hoxe fai 75 anos do golpe de estado de Franco, foi un movemento fascista que acabou chamándose nacional-catolicismo, un intento de buscar un instrumento ideolóxico para a crueldade, un franquismo sociolóxico, e produciuse a confusión entre Igrexa e Estado.

Di que se trae un falso debate que consolida unha práctica, pois asistiu nestes últimos 4 anos o PP aos actos relixiosos. Débese ir ao lado da xente na fila, e o BNG mantén a mesma postura que no ano 2007.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que subscribe as palabras do BNG, o acordo do ano 2007 non impedía asistir aos actos relixiosos, e agora o PP trae este punto ao Pleno. Incumpríuse o acordo plenario polo PP ao longo dos catro anos, e no comezo desta lexislatura.

O PSdeG-PSOE subscribe tamén as palabras do voceiro de EU para facer unha consulta aos cidadáns de Vilagarcía e se non votarán en contra.

O PP debería asistir a outros actos relixiosos de outras relixións, e aos demais actos que asistiran poderían ir co bastón, medalla e mantilla.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que lle parece ben que manteñan a coherencia pero o PSOE na campaña, cando visitou Vilagarcía o Sr. Blanco apoiando ao Sr. Pose dixo que se o invitaban á procesión de San Roque asistiría. Se fora o Sr. Pose Alcalde pensarían que se pode representar ao Concello na procesión. Agora como está o SR. Fole non pode.

O Sr. Blanco viña á procesión pero á festa da auga non por que é maior. E no BNG tamén hai incoherencia, xa que hai concelleiros do BNG que asisten a procesións e cando gobernaban na Xunta de Galicia asistían a actos relixiosos, o Vicepresidente da Xunta de Galicia asistiu a procesións e foi debaixo do palio, é ao PP parécelle perfecto. No resto dos Concellos non ten o BNG a mesma postura.

Agradece o apoio do Sr. Rivera Mallo e EU tamén marcou as prioridades no ano 2007: o soldo da Alcaldesa e Concelleiros liberados e non asistir ás procesións,

O PP non quere abrir debate, non está a falar da conferencia episcopal. Estamos nun estado aconfesional aínda que se asista a actos relixiosos e aínda non chegou ningunha invitación para outros actos relixiosos de outras relixións, e no ano 2007 puxeron o “agás” para as que transcendían do ámbito relixioso

É necesario aclarar a situación creada no ano 2007, e o PP quere volver a dicir á cidadanía que os concelleiros poden asistir aos actos relixiosos, dáse liberdade para asistir.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que respecta ao Sr. Ministro de Fomento. A actitude de IVIL é inalterable, parte dunhas convicións e cando o inviten asistirá.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que a EU non lles preocupa este debate, antes do 2007 non asistían a actos relixiosos. Falsease o debate. Se asisten aos actos da igrexa católica é porque profesan o crédito, pero son uns pecadentos, mentir é pecado, non están os cartos do Hospital do Salnés e tampouco se pode vivir en pecado, hai que ser coherentes na vida persoal, e deben confesarse por que son pecadentos.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que co acordo do 2007 poderíase asistir aos actos que se consideren oportunos, e isto xustifica a participación de Anxo Quintana. Agora tráese non como unha excepción, se non como unha práctica ordinaria. Hai unha cuestión que vicia todo, as persoas que viven a relixión detestan a presenza política, estase nunha dinámica que forza a autenticidade dun acto relixioso.

O acordo non era necesario, búscase outra cousa, un efecto político.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o acordo plenario do 2007, no apartado 3º fala de participación a título particular e sen dereito a preeminencia, como faría o Sr. Blanco. O PSdeG-PSOE vai a votar en contra da proposta do PP.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que agradece a postura e claridade das exposicións. No 2007 a 1ª decisión foi unha prohibición e agora no 2011 é unha liberdade. En todos os actos relixiosos que asistiu nos últimos anos entrou por rexistro a petición dos veciños, que solicitaban a presenza do Alcalde e Corporación. Cando se vai ao fútbol van en representación do Concello.

Di que entrou como Concelleiro no 2003 e entre o 2003 e o 2007 compartiu moitas procesións cos concelleiros da oposición.

Entre o 2007 e o 2011 o Sr. Castro Ratón tiña fotos e beneficiábase do acordo de 2007 e agora que sae da 1ª liña de foto xa non asiste porque é coñecido. Hai unha incoherencia do BNG, e hai unha coherencia do PP no ano 2007 e 2011.

Sometido a votación a proposta da voceira do grupo municipal do PP polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (10) e IVIL (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2).

**ACÓRDASE:** Aprobar a proposta da voceira do grupo municipal do PP de modificación de acordo plenario de 27 de xullo de 2007 sobre a presenza da Corporación Municipal nos actos relixiosos tal e como figura redactada.

**8.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA..-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

Por unanimidade de tódolos representantes dos grupos políticos municipais acórdase retirar o asunto da orde do día deixándoo pendente para o próximo pleno, a fin de poder estudalo e facer aportacións polos distintos grupos.

Polo Sr. Alcalde retírase o asunto da orde do día.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2011 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO CUSTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR..-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

**MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

**Logo de ver o expediente iniciado mediante Providencia da Alcaldía de data 5 de xullo de 2011,** debido á existencia de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o próximo exercicio, e para os que non existe crédito suficiente no vixente Orzamento da Corporación, que é o prorrogado para o exercicio 2011:

1.- Expediente nº 2/2011 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, por importe de 105.000,00 euros, para atender os gastos anuais do programa de axuda no fogar:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ACTUAL	SUPLEMENTO
231-22725	ACCIÓN SOCIAL-PROGRAMA AXUDA A DOMICILIO	310.000,00	105.000,00
<b>TOTAL</b> .....			<b>105.000,00</b>

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

- Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA	BAIXA
---------	--------------	-------------------------	-------

<b>237-22624</b>	XUVENTUDE-ACTIVIDADES XUVENTUDE	120.500,00	25.000,00
<b>334-22609</b>	CULTURA- ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	458.557,50	45.000,00
<b>453-210</b>	ESTRADAS- REPARACIÓN INFRAESTRUCTURAS	61.515,98	10.000,00
<b>920-22706</b>	ADMON. XERAL- ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	60.000,00	25.000,00
<b>TOTAL .....</b>			<b>105.000,00</b>

Esta Alcaldía, co obxecto de atender aos compromisos anteriormente descritos propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente nº 2/2011 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 105.000,00 euros para atender os gastos derivados do seguinte Programa:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

PARTIDA	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ACTUAL	SUPLEMENTO
<b>231-22725</b>	ACCIÓN SOCIAL-PROGRAMA AXUDA A DOMICILIO	310.000,00	105.000,00
<b>TOTAL .....</b>			<b>105.000,00</b>

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

BAIXAS DE CRÉDITOS:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA	BAIXA
<b>237-22624</b>	XUVENTUDE-ACTIVIDADES XUVENTUDE	120.500,00	25.000,00
<b>334-22609</b>	CULTURA- ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	458.557,50	45.000,00
<b>453-210</b>	ESTRADAS- REPARACIÓN INFRAESTRUCTURAS	61.515,98	10.000,00
<b>920-22706</b>	ADMON. XERAL- ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	60.000,00	25.000,00
<b>TOTAL .....</b>			<b>105.000,00</b>

**SEGUNDO:** A financiación dos expedientes de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

**TERCEIRO:** Expoñer ao público o expediente : nº 2/2011 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**CUARTO:** Unha vez aprobado definitivamente o expediente nº 2/2011 de Suplemento de Crédito, financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 5 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Tomás J. Fole Díaz

- Intervén o Sr. Bueno Piñeiro preguntando que vai a pasar coa Empresa adjudicataria do Servizo xa que o contrato remata en setembro e pregunta se se vai a facer novo concurso. Pregunta canto aporta a Xunta de Galicia para dependencia, que parte do prezo da hora paga a Xunta de Galicia e que cantidade paga o Concello, tamén pregunta o prezo de hora que cobra a empresa, nº de horas de servizo, nº de horas por usuario. Pregunta tamén por que se aumentou o prezo aos usuarios dúas veces no ano, a última en maio de 2011.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN:**

Os representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PSOE, BNG, EU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de créditos nº 2/2011 por suplemento de crédito para facer fronte ao custo do Servizo de Axuda no Fogar.

- Intervén o Sr. Pardal García dicindo que se partía dunha consignación para o servizo de axuda no fogar con 310.000 €, pero no mes de maio obsérvase que é insuficiente e crese conveniente ampliar a partida en 105.000 € para desenvolver o Servizo sen problemas. Tanto para dependencia como para libre concorrência fan falta ata fin de ano 103.000 € e redondease con 105.000 €.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que o Programa de Axuda a Domicilio é irrenunciábel e hai que financiarlo e máis na situación económica actual. O informe foi escueto e debería ampliar datos, como o por qué do desfase.

Tamén quixera coñecer a subvención da Xunta de Galicia.

Di que se reducen determinadas partidas pero cre que poden necesitar reaxustes sendo necesario un plan de reequilibrio á espera do estudo municipal, e debe ser detallado para recoñecer a situación financeira.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU deixa clara unha queixa. Solicitan a modificación dos días do Pleno, xa que non poden acceder aos expedientes. Di que o contrato non se lles achegou, o informe é incompleto e chega hoxe á unha da tarde. A decisión do luns non foi casual e non puideron acceder con anterioridade á documentación.

É un servizo que se multiplicou por catro. Había un acordo de municipalizar. Váiselle dar á empresa 105.000 € mais, pero a empresa non aboou os atrasos ás traballadoras, non se fai mención de 2 faltas laborais graves por non descansar as traballadoras e a empresa non executa a provisión de vacantes.

Se se fixera outra política de horarios poderíao facer o mesmo persoal a ampliación do servizo. Preguntan que actividades se van ver mermadas con esta decisión (xuventude, cultura...).

En setembro caduca o contrato e pregunta se se vai a prorrogar ou se vai a sacar a concurso. Di que é un servizo básico pero descansa sobre as traballadoras, e non sobre a Administración.

Queren saber:

1. Por que o desvío económico.
2. Se van a solventar os problemas legais da empresa.
3. Que actividades se van a ver afectadas.

Se non se aclara, EU vai a votar en contra.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que o orzamento do ano 2011 é prorrogado e resulta insuficiente e débese ás altas que se foron producindo pola dependencia en maior medida. Este expediente é unha das vías posibles e estase desbotando a elaboración dos novos orzamentos para dotalo dunha cantidade digna para novas altas. Isto só da para atender aos usuarios actuais, e pregunta que vai pasar cando xurda un caso excepcional (enfermidade grave...) ou con mais de 90 persoas que están esperando ser dadas de alta no servizo.

Pregunta que ten pensado facer o Concello e a Xunta de Galicia.

Dende o día 1 de xaneiro de 2011 están paralizadas as novas altas. Non están cuantificadas novas altas en Vilagarcía por estar paralizadas na Consellería de Traballo e tería que ser incrementada en 700.000 €. É un servizo regulado por Lei que debería financiar a Xunta de Galicia e o Estado e non ter que asumir o Concello o 65% do custe e o Concello pediu que quedase fóra do Plan Concertado e tivese un trato diferenciado.

É un servizo moi importante e o BNG vai a apoiar pero é insuficiente xa que non se poden atender os casos urxentes e as novas altas que xurdan.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que por facer memoria vai a recordar o que se retrasou ou quedou sen facer na anterior lexislatura polo voto en contra do PP:

- Beirarrúas en Os Duráns
- Edificio Castelao (permuta)
- 2ª Fase da Casa de Cultura de Carril
- Subvención terrazas.
- Aportación municipal bombeos Praza de Abastos
- Campo Céspedes Manuel Jimenez (abstención)

O PSdeG-PSOE, en aras da responsabilidade e para facer unha política construtiva e á espera de coñecer por que se reduce a contía e á espera da presentación dos orzamentos e que se incremente o gasto social vai a apoiar o asunto.

- Intervén a Sra. Suárez Sarmiento dicindo ao Sr. Rivera Mallo que preguntaba polo desfase e xa o explicou a Sra. Lorenzo Fraga que ven dado polos usuarios e incremento de horas. No ano 2010 a Xunta de Galicia concedeu mais de 200.000 €.

Ao Sr. Bueno Piñeiro se lle enviou a resposta ás preguntas da Comisión Informativa e en canto ao contrato da Empresa estudárase se se prorroga ou non.

É unha situación herdada, parece inxusto que o Concello asuma este gasto e o Estado debe realizar as aportacións que corresponden.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que a Concelleira do BNG contestou ás súas preguntas. Que ninguén se escude na falta de recursos pola herdanza anterior, a responsabilidade actual é do Grupo de Goberno e a oposición está para controlar a xestión e demandar servizos.

Di que vai a votar a favor.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que se emitiu un informe escaso pola Coordinadora Dona Iria Camba. O Grupo de Goberno non coñece o servizo de axuda a domicilio e obviase que as traballadoras teñen demandas por atrasos.

Para atender as novas altas hai traballadoras sen descanso nin vacacións.

A Xunta de Galicia subvenciona o encontro co Papa Benedicto e reduce o gasto social. Di que estarían de acordo en incrementar o servizo, pero van a votar en contra, por que a Empresa incumpre e a Xunta de Galicia debe pagar.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que volven a insistir no mesmo, estamos a 18 de xullo e non hai resolución sobre o Plan Concertado. O PP na oposición estaba pendente deste tema e agora non falan do servizo de axuda no fogar.

Hai unha comunicación verbal que se vai a renovar o Plan Concertado do ano 2010 e pregunta que vai a pasar con esas 90 persoas ou casos urxentes.

Di que o PP debe poñerse as pilas. Ao BNG lles preocupan os usuarios e as traballadoras e piden que se dote este servizo coa partida suficiente pero que o Estado e a Xunta de Galicia tamén teñen que financiarlo.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que para o PP a culpa de todo a ten Zapatero e non fan oposición construtiva en Madrid.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non lles queda outro remedio que apoiar este tema e o grupo de goberno anterior é o responsable desta situación. O BNG e o PSdeG-PSOE votan en falta uns novos orzamentos e son os responsables de que se estea co orzamento prorrogado dende o ano 2009, por que non os fixeron.

Á Sra. Lorenzo Fraga dicirlle que non foi capaz de traer uns orzamentos nin no 2010, nin no 2011. Na execución do orzamento a partida a 24 de maio de 2011 en acción social era de 0 €, pero pide a Sra. Lorenzo un orzamento novo. Igual que fixo o bipartito en Santiago, deixaron multitude de buratos económicos que temos que resolver, e isto é un calco.

A Sra. García Sanmartín debe dicir porque o PP votou en contra de determinados temas, por que ían condicionados a un préstamo, e no 2010 se lles dicía que fixeran o orzamento de 2011 e non o fixeron e agora chegamos aquí, levamos 22 días no Goberno e piden que fagamos o que non fixeron Vdes. en anos.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (10), PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e IVIL (1) e dous votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU,

**ACÓRDASE:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente nº 2/2011 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 105.000,00 euros para atender os gastos derivados do seguinte Programa:

**SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

PARTIDA	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ACTUAL	SUPLEMENTO
231-22725	ACCIÓN SOCIAL-PROGRAMA AXUDA A DOMICILIO	310.000,00	105.000,00
<b>TOTAL .....</b>			<b>105.000,00</b>

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

**BAIXAS DE CRÉDITOS:**

PARTIDA	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA	BAIXA
237-22624	XUVENTUDE-ACTIVIDADES XUVENTUDE	120.500,00	25.000,00
334-22609	CULTURA- ACTIVIDADES CULTURAIAS E DEPORTIVAS	458.557,50	45.000,00
453-210	ESTRADAS- REPARACIÓN INFRAESTRUCTURAS	61.515,98	10.000,00
920-22706	ADMON. XERAL- ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	60.000,00	25.000,00
<b>TOTAL .....</b>			<b>105.000,00</b>

**SEGUNDO:** A financiación dos expedientes de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

**TERCEIRO:** Expoñer ao público o expediente : nº 2/2011 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**CUARTO:** Unha vez aprobado definitivamente o expediente nº 2/2011 de Suplemento de Crédito, financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOBRE O REXEITAMENTO AO PACTO DO EURO.-** Pola Sra.

Secretaría dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal de EU coa data de 12 de xullo de 2011, do teor seguinte:

“MOCIÓN RECHAZO O PACTO DO EURO.

O GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA NO CONCELLO DE VILAGARCÍA, PROPÓN PARA O SEU DEBATE EN PLENO, A PRESENTE MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O mal chamado pacto do Euro, aprobado recentemente pola UE, trata de impoñer unha saída da crise, baseada no pagamento dos pratos rotos por parte dos traballadores e traballadoras de Europa, este plan pretende instaurar a necesidade do recorte de salarios a nivel continental, recorte dalgúns non dos directivos da banca por exemplo, como garantía para aumentar a competitividade e engade a necesidade de eliminar gastos sociais, plantexando incluso sancións multimillonarias ós países que incumpran o pacto. Trata polo tanto dunha saída antisocial á crise que plantexa pactos de estabilidade e crecemento sobre os niveis de déficit e débeda pública, polo que trata en definitiva de reducir o gasto público en servizos e acción social.

O pacto pretende continuar o ataque ás políticas sociais, emprazando o consello e a comisión europea, a avaliar a sostenibilidade dos sistemas públicos de pensións e sanitarios, co único obxectivo da súa diminución e privatización, como elementos apetecibles para os mercados. Trátase da consagración de medidas antisociais, que serán impostas polos mercados e os seus gobernos lacaios, como o español ou galego, que seguen cegamente este ditames, incrementando a idade de xubilación, conxelando salarios, abaratando o despedimento, e reducindo a asistencia sanitaria, cuestionando día tras día a súa sustentabilidade, co único obxectivo da súa privatización. Por todo isto o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Instar ao goberno á realización dun referendo sobre o pacto do Euro, xa que afecta a elementos constitucionais básicos.

SEGUNDO: O Concello de Vilagarcía rexeita o pacto do euro, polo seu claro contido antisocial e invoca a necesidade dunha saída social á crise.

TERCEIRO: O Concello de Vilagarcía dará traslado deste acordo ó goberno central, autonómico e grupos parlamentarios do Congreso”.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN:**

Os representantes do grupo político municipal do EU informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PP, PSOE, BNG e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente aprobación da moción do grupo municipal de EU nos seus propios termos.

- Intervén o Sr. Bueno Piñeiro dicindo que o PP e o PSOE votaron a favor do pacto do euro, fixeron unhas directrices, aforrar en gasto social, sanitario, educativo e ir á contención salarial, e en Vilagarcía o Sr. Alcalde debe de reducirse o salario, pero non interesa, redúcese o gasto sanitario para o Hospital do Salnés, o millón de euros non está.

Hai cartos para a banca pero para a sanidade e a educación pública non. Os impostos para todos (IVE) se incrementan. A crise a pagan os traballadores/as e debese instaurar o imposto de patrimonio.

Decisións que inflúen na nosa vida deben tomarse a través dun referendo. Deberíase comprobar se o PP e PSOE tiñan no seu programa electoral a redución de sanidade pública e a educación.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que por transcendencia e alcance a situación que vivimos ten un alto custo ¿que solucións caben?.

Se a débeda pública estatal está arredor do 70%, debe sumarse a da CCAA, Concellos e familias. A redución do gasto público e austeridade é o único camiño posible, hai que evitar o gasto superfluo. A saída do euro traería aparelada a devaluación da peseta e suporía un incremento do endebedamento de España con Francia, Alemaña e Países Asiáticos. A quebra das bancas poñeríanos nunha situación difícil e se pecharía o mercado financeiro internacional. A austeridade debe aplicarse ata as ultimas consecuencias.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que se imos a buscar un marco de consenso, a intervención do Alcalde non pode dicir 0 € en acción social por que non é así. Europa ten un desequilibrio político, Alemaña, Francia e Inglaterra teñen unha política económica e tiran pola restrición, recortes salariais, dereitos consolidados e política restritiva do gasto público, e iso vano a pagar as Administracións coa falta de préstamos. É unha situación inxusta. Os mercados marcan as nosas vidas así como as axencias internacionais que non son elixidas por ninguén.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que no pleno anterior dixo que o Sr. Fajardo se posicionaba co PP nos últimos 4 anos, votando en contra de moitos temas, e dificilmente era crible que o PP apoiase os orzamentos. O pacto do euro foi aprobado polos países da Eurozona. España votou a favor, a postura do PSOE e poñer atención na sostenibilidade das pensións, benestar social.

É un debate que excede das competencias municipais e o PSdeG-PSOE vai a votar en contra da moción.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que pode ter o SR. Fajardo cando queira unha copia do programa electoral do PP e lles gustaría ter unha copia do de EU pero é difícil atopala.

Non se está a debater por que chegamos ata aquí, e non vai a entrar en temas económicos, pero un país como o noso ten unha situación moi fráxil, pola débeda, o paro, a falta de crecemento económico, etc., por que nestes últimos anos se fixo o contrario do que se tiña que facer.

E certo ata fai ben pouco, ocultouse a crise, tivemos oportunidades que desprezamos e advertencias do Banco de España, Organismos Internacionais.... ¿porqué estamos aquí?

O Consello Europeo adoptou unhas medidas, a culpa foi da xestión económica levada a cabo e o PP está de acordo cos 16 puntos e di que van a votar en contra da moción.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que na páxina web está o programa político de EU.

Parece perigoso que se estea respaldando ás multinacionais e van a espremer máis aos traballadores. Nos rescates é un roubo a man armada, o que están facendo é subir a idade de xubilación, baixar os salarios, abaratamento do despido, privatizar edificios da Seguridade Social en Cataluña. Hai que vivir das políticas reais, os últimos anos do PSOE son un desastre

para os traballadores. O PSOE lle fai o traballo sucio ao PP. España ten a peor crise pola burbulla inmobiliaria, hai que levar unha Lei ao Parlamento do Estado para obrigar aos partidos a cumprir os programas electorais, non se pode mentir, solo nos queda rezar para dar un cambio de rumbo.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo ao Sr. Castro que non pretendía darlle unha lección de macroeconomía, pero comparte as dúbidas e razóns.

A voceira do PP di que chegamos aquí pola política económica errónea do PSOE, pola débeda pública e os riscos que está correndo a economía española.

Austeridade e Austeridade é a única saída.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que como se di sempre a culpa de todo a ten Zapatero. A burbulla inmobiliaria foi pola Lei do Solo do Sr. Rodrigo Rato. Foi excesivo o incremento do prezo da vivenda e o PSOE debe entoar o mea culpa tamén.

Con respecto ao antipatriotismo, Aznar ve España como un dos principais problemas de Europa e iso prexudica ao país.

¿Cal é a receita do PP contra a crise?. Debe ser o Sr. Cámeron cos recortes sociais.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que onde se poden ver as receitas do PSOE para solucionar a crise é no programa electoral.

A EU dicirle que durante a campaña electoral das municipais foi o grupo que mais recursos tivo.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con cinco votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do EU (2) e BNG (3), unha abstención, pertencente ó membro do grupo político municipal do IVIL (1), e quince votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (10) e PSdeG-PSOE (5),

**ACÓRDASE:** Rexeitar a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU de rexeitamento ao pacto do euro.

#### **11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE AS POLÍTICAS EN MATERIA DE MONTES E EN RELACIÓN COA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS..-**

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE coa data de 13 de xullo de 2011, do teor seguinte:

**MOCIÓN: Sobre as políticas en materia de montes e en relación coa prevención e defensa contra incendios forestais**

Tania García Sanmartín na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

### **Exposición de motivos**

Os algo máis de dous anos de goberno de Feijoo ao fronte da Xunta de Galicia veñen marcados pola súa nefasta xestión no que atinxe as políticas para o monte, e que, levou ao abandono das políticas de ordenación forestal e de prevención de incendios.

Os recortes en materia de xestión forestal e de prevención de incendios acada os 22 millóns de euros para os exercicios 2010/2011. No ano 2010 o goberno galego deixou de gastar en ordenación das producións forestais 28 millóns de euros, nun momento de crise onde se perderon máis de 6000 empregos no sector.

A falsa austeridade de Feijoo tórnase nunha xestión nefasta e na incompetencia dun goberno, xa que, o 57% dos recursos forestais poderían cofinanciarse con fondos europeos que permitirían multiplicar por 4 os recursos da propia administración autonómica para facer prevención e racionalizar o gasto en extinción, xa que, por cada euro que se xestiona axeitadamente en prevención afórranse 3 euros en extinción e que non son cofinanciáveis de modo que os pagamos tódolos/as galegos/as cos nosos impostos.

Os resultados destas políticas son o abandono do rural e o abandono do monte, que se ve reflectido con actuacións como a derogación das UXFOR, a lapidación das medidas de prevención, o recorte de axudas que contribuían ao aproveitamento multifuncional, a posta en valor do monte, ou a supresión da colaboración cos concellos para a prevención de incendios. Ditas actuacións son as que contribúen a proliferación dos lumes.

Dese xeito os datos relativos aos incendios forestais empeoraron dende que Feijoo chegou ao goberno, sendo que, neste ano durante a primavera quedaron calcinadas mais de 2.600 ha, 4 veces máis que no mesmo período do ano pasado, e hai poucos días, en apenas unha fin de semana, Galicia rexistraba mais de 200 lumes.

Acadábbase a cifra récord de lumes o pasado venres día 24 de xuño con mais de 80 incendios rexistrados na nosa comunidade e arredor de 70 o pasado sábado día 25 de xuño, máis de 260 ha quedaban arrasadas en Boiro, 140 no concello de Ribeira de Piquín ou 320 ha eran presa das lapas no Concello da Cañiza, afectando moitos deses lumes aos núcleos de poboación obrigando ao desaloxo dos veciños/as.

Con esta situación e a piques de iniciarse o período de alto risco declarado polo goberno galego, non estaba listo o dispositivo da Xunta para a defensa contra os incendios e foron os medios do goberno do Estado e os militares das Unidades Militares de Emerxencia (UMES) os que estiveron ao carón dos veciños/as garantindo a súa seguridade fronte aos lumes.

E por ese motivo polo que os socialistas demandamos un cambio que permita retomar as políticas de xestión e ordenación forestal que impulsamos dende o anterior goberno apostando pola prevención de incendios forestais e polo monte como fonte de riqueza, tal como veñen demandando o conxunto dos axentes implicados no sector, de xeito que o

gobierno galego asuma as súas competencias en materia de montes e de prevención e defensa contra incendios forestais e garanta a seguridade dos veciños/as, dos seus bens e do territorio fronte aos lumes .

E por este motivo polo que propoño ao Pleno desta Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO:

O Pleno do Concello insta ao Concello de Vilagarcía de Arousa para que :

A - Se dirixa ao goberno da Deputación Provincial de Pontevedra a fin de que desenvolva de xeito urxente as accións necesarias para o control nas faixas de xestión da biomasa vexetal ao longo da rede viaria provincial e doutras infraestruturas de titularidade provincial a fin de garantir a seguridade fronte os lumes forestais.

B - Se dirixa ao goberno galego a fin de que asuma as súas competencias en materia de xestión forestal e de prevención e defensa contra incendios desenvolvendo as seguintes accións:

**1.** Impulsa un acordo no seo do Consello Forestal, cos axentes representativos do sector e cos Grupos con representación no Parlamento de Galicia a fin de promover un texto consensuado da Lei de Montes, para que sexa aprobada no próximo período de sesións, a fin promover a valorización integral e o aproveitamento multifuncional do monte, que contribúa á prevención de incendios e a preservar a riqueza medioambiental e paisaxística, e promova a mellor xestión e ordenación sustentable da propiedade forestal e que blinde a especial protección dos núcleos poboacionais de xeito que:

**1.1** Se manteñan franxas de 100 metros para a xestión de biomasa arredor de calquera núcleo de poboación situado a menos de 400 metros do monte.

**1.2** Estableza distancias mínimas das plantacións de 50 metros libres de especies pirófitas no contorno das vivendas ou edificacións.

**2.** Deseñe un Plan de emprego rural no sector forestal, para a súa execución no exercicio 2011/1, cunha dotación non inferior aos 15 millóns de euros cofinanciado con fondos europeos, que permita a diversificación de actividades e o aproveitamento multifuncional do monte a fin de paliar a destrución de emprego no sector forestal e previr os incendios forestais.

**3.** Garanta un Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (PLADIGA) efectivo e eficaz que aposte pola prevención, vixilancia, disuasión e pola concienciación cidadán de xeito que inclúa de xeito estrutural e permanente medidas de prevención de incendios (silvicultura e repoboacións preventivas, construcións de prevención, desbroces preventivos, control das franxas de protección nos núcleos rurais) para garantir a defensa fronte os lumes forestais de xeito que :

**3.1** Incorpore os suficientes recursos humanos ao dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais para a campaña 2011, de xeito que se proceda á contratación urxente do

persoal das brigadas por parte da empresa pública SEAGA, tal que se garanta e complete o dispositivo formado por 6052 efectivos previstos no PLADIGA 2011 para o período de alto risco de incendios para garantir a defensa fronte os lumes .

**3.2** Achegue a suficiente dotación económica, non inferior aos 1,6 millóns de euros, a fin de asinar de xeito urxente coa FEGAMP e facer efectivos os convenios para a posta en marcha dos GRUMIR estables a contratar polos concellos para o ano 2011, que entre outras funcións interveñen e participan na extinción de incendios forestais.

**3.3** Asine de xeito urxente os convenios de colaboración cos concellos para a protección dos núcleos rurais, en cumprimento do establecido no Artigo 59 da Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, a fin de garantir a protección nos contornos periurbanos e a seguridade fronte os lumes das persoas e dos seus bens así coma do territorio.

**3.4** Asinar de xeito urxente, de ser o caso, os convenios de colaboración cos Concellos para a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños e outras superficies de titularidade municipal.

**3.5** Establecer convenios de colaboración cos Concellos para a posta en marcha e o desenvolvemento das actuacións previstas nos Plans Municipais de Prevención de Incendios forestais, contribuindo ao financiamento das accións previstas dentro de tales plans.

C – Remita o presente acordo á Conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PPP, BNG, EU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstéñense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación da Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE nos seus propios termos.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que no ano 2010 reduciuse 28.000.000 € en política forestal. Por cada € en prevención afórranse 3 en extinción. A tónica xeral e o abandono do rural e do monte, a meteroloxía deu unha tregua, pero no mes de xuño houbo cifras de record de incendios.

Acurtouse a distancia de seguridade das casas, vendéronse helicópteros, dende marzo de 2009 non houbo máquinas no monte e débese implementar os medios na loita contra os incendios forestais.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que é unha moción de loita partidaria e ten que dicir que hai cousas positivas, como o Plan de Emprego Rural. Espera que o debate sexa clarificador. Esta moción deixa en evidencia e en ridículo ao PSOE. Como poden falar de loita contra incendios cando fixeron caso omiso ás súas peticións da zona do Preguntoiro-Vilaxoán, Rúa Progreso – A Torre e nesos casos había distancias inminentes.

Perdéronse postos de traballo, non hai Plan de Emerxencia Municipal recente e actualizado. Protección Civil iniciou ese traballo que foi interrompido polo persoal do Grupo de Emerxencias. Hai que unificar os recursos municipais.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU pode compartir o fondo da Moción, pero o PSOE nos últimos 4 anos non fixo nada en Vilagarcía. EU pediu que o Plan E fora unha parte para o monte. Non se fixo un Plan de Cooperación coas Comunidades de Montes en Vilagarcía. Agora o PSOE está falando e parece que non hai responsabilidades anteriores. Os que fixeron rédito electoral cos incendios de 2006 non fan nada agora para corraxir esta situación dramática. Nesa dinámica hai hipocrisía. O Concelleiro de Medio Ambiente anterior eliminaba terra para poñer pedra. O Sr. Rubalcaba firmou os decretos que agora quere reverter. O PSOE destrizou xardíns e especies no casco urbano.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que volven a saltar as alertas e agora respiramos polo tempo, e ven á memoria o ano 2006. O BNG tiña a responsabilidade en Medio Rural e está adoptando unha actitude diferenciada co PP no ano 2006. Desde ese ánimo de colaborar contra os pirómanos. O PP na Xunta de Galicia aprobou o PLADIGA pero non se está cumprindo, estanse recortando recursos. Onde están as sociedades de explotación forestal. Non é unha boa política non ter contratados os recursos humanos. Debe desenvolverse o Estatuto, por que non ter unha policía autonómica é unha eiva.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que é unha Moción de Santiago, e votan en falta a adaptación da mesma ao Concello de Vilagarcía.

O PP vai a votar en contra. Din a nefasta xestión do Sr. Feijoo, o abandono do monte, a falsa austeridade de Feijoo e que ditas actuacións contribúen á proliferación dos lumes.

Poden traer un historial dos lumes dende o ano 2000 ao 2011. Se fala que foron os medios do Goberno do Estado os que estiveron a carón dos veciños. A exposición de motivos fala de recortes, pódese mirar en internet e poden comprobar o que se incrementou dende o ano 2008 ata agora no 2011 os recursos para o monte.

Hai un problema cos incendiarios. Repase os fondos do Estado, debe saber canto recortou Madrid a Galicia no tema dos incendios. A tempada alta é do 1 de xuño ata o 30 de setembro, e se ía incorporando progresivamente o persoal de reforzo e o 28 de xuño se completou o persoal do SEAGA. Ligan directamente a contratación de persoal co número de lumes, se fala do convenio da FEGAMP cos GRUMIR pero o Concello de Vilagarcía renunciou á posta en marcha dos GRUMIR.

O PP non comparte a Moción.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se lles colou o dos GRUMIR. Poden falar dos helicópteros que compran, venden e logo alugan como ocorre co salvamento marítimo.

Poden falar da Axencia de Desenvolvemento Rural, na que colocan 19 traballadores mais. Son os comuneiros os que fan a prevención dos incendios.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2), unha abstención, pertencente ó membro do grupo político municipal do IVIL (1), e dez votos en contra pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP,

Dado que se produce un empate realízase unha segunda votación, que da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3), EU (2) e IVIL (1), e dez votos en contra pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP,

**ACÓRDASE:** Aprobar a Moción do PSdeG-PSOE sobre as políticas en materia de montes e, en consecuencia dispense:

A - Dirixirse ao goberno da Deputación Provincial de Pontevedra a fin de que desenvolva de xeito urxente as accións necesarias para o control nas faixas de xestión da biomasa vexetal ao longo da rede viaria provincial e doutras infraestruturas de titularidade provincial a fin de garantir a seguridade fronte os lumes forestais.

B - Dirixirse ao goberno galego a fin de que asuma as súas competencias en materia de xestión forestal e de prevención e defensa contra incendios desenvolvendo as seguintes accións:

**1.** Impulse un acordo no seo do Consello Forestal, cos axentes representativos do sector e cos Grupos con representación no Parlamento de Galicia a fin de promover un texto consensuado da Lei de Montes, para que sexa aprobada no próximo período de sesións, a fin promover a valorización integral e o aproveitamento multifuncional do monte, que contribúa á prevención de incendios e a preservar a riqueza medioambiental e paisaxística, e promova a mellor xestión e ordenación sustentable da propiedade forestal e que blinde a especial protección dos núcleos poboacionais de xeito que:

**1.1** Se manteñan franxas de 100 metros para a xestión de biomasa arredor de calquera núcleo de poboación situado a menos de 400 metros do monte.

**1.2** Estableza distancias mínimas das plantacións de 50 metros libres de especies pirófitas no contorno das vivendas ou edificacións.

**2.** Deseñe un Plan de emprego rural no sector forestal, para a súa execución no exercicio 2011/1, cunha dotación non inferior aos 15 millóns de euros cofinanciado con fondos europeos, que permita a diversificación de actividades e o aproveitamento multifuncional do monte a fin de paliar a destrución de emprego no sector forestal e previr os incendios forestais.

**3.** Garanta un Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (PLADIGA) efectivo e eficaz que aposte pola prevención, vixilancia, disuasión e pola concienciación cidadán de xeito que inclúa de xeito estrutural e permanente medidas de prevención de incendios (silvicultura e repoboacións preventivas, construcións de prevención, desbroces preventivos, control das franxas de protección nos núcleos rurais) para garantir a defensa fronte os lumes forestais de xeito que :

**3.1** Incorpore os suficientes recursos humanos ao dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais para a campaña 2011, de xeito que se proceda á contratación urxente do persoal das brigadas por parte da empresa pública SEAGA, tal que se garanta e complete o dispositivo formado por 6052 efectivos previstos no PLADIGA 2011 para o período de alto risco de incendios para garantir a defensa fronte os lumes .

**3.2** Achegue a suficiente dotación económica, non inferior aos 1,6 millóns de euros, a fin de asinar de xeito urxente coa FEGAMP e facer efectivos os convenios para a posta en

marcha dos GRUMIR establece a contratar polos concellos para o ano 2011, que entre outras funcións interveñen e participan na extinción de incendios forestais.

**3.3** Asine de xeito urxente os convenios de colaboración cos concellos para a protección dos núcleos rurais, en cumprimento do establecido no Artigo 59 da Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, a fin de garantir a protección nos contornos periurbanos e a seguridade fronte os lumes das persoas e dos seus bens así coma do territorio.

**3.4** Asinar de xeito urxente, de ser o caso, os convenios de colaboración cos Concellos para a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños e outras superficies de titularidade municipal.

**3.5** Establecer convenios de colaboración cos Concellos para a posta en marcha e o desenvolvemento das actuacións previstas nos Plans Municipais de Prevención de Incendios forestais, contribuíndo ao financiamento das accións previstas dentro de tales plans.

C – Remitir o presente acordo á Conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

### **13.- Interpelacións – Non se presentaron.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, a Sra. Alcaldesa preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

### **14.- ROGOS E PREGUNTAS.- Polos Sres/as Concelleiros/as que se citan a continuación fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:**

- O Sr. Rivera Mallo pregunta se os Socorristas teñen titulación e como a acreditaron.

- Contesta o Sr. Tarrío Fernández que a selección a fixo a anterior corporación e teñen a titulación necesaria.

- O Sr. Fajardo Recouso di que quedaron fóra 2 socorristas e pregunta de onde sae a decisión de facer xornadas de 12 horas e porque traballadores sen titulación dirixen a embarcación da Praia Compostela.

- O Sr. Tarrío Fernández di que non están facendo esas xornadas e a persoa que leva a embarcación ten o título de patrón.

- O Sr. Fajardo Recouso pregunta se no subministro de auga a domicilio se fan analíticas e por que non se da aos grupos políticos unha copia das análises.

- Contesta a Sra. Llovo del Río que a última é do día 11 de xullo e que se fan semanalmente, e di que pode pasar unha copia das analíticas aos grupos políticos.

- O Sr. Fajardo Recouso di por que non se fai un concurso para a contratación dun concerto por 40.000 € e pregunta cando se contrataron as atraccións.
- O Sr. Alcalde di que non está pechado e os chiringuitos estaban xa contratados polo anterior grupo de goberno.
- O Sr. Fajardo Recouso di que non se lles están enviando as actas a EU.
- O Sr. Alcalde di que se enviarán.
- O Sr. Fajardo Recouso pregunta se se está levando a cabo o acordo sobre gratificacións extraordinarias.
- O Sr. Alcalde pensa que non as hai.
- O Sr. Fajardo Recouso pregunta pola situación laboral do Directo de Actividades Deportivas.
- O Sr. Garrigós Villalba contesta que era un posto de confianza e finalizou o contrato.
- A Sra. Lorenzo Fraga pregunta que xestións se realizaron en Fexdega en relación cos postos de traballo.
- O Sr. Alcalde contesta que vai a ser un multiusos e cos representantes de Fexdega vaise a ver o futuro das débedas e a situación dos traballadores.
- A Sra. Lorenzo Fraga di que o Sr. Alcalde dixo que se ía a solucionar o asunto do Bosque dos Desamparados e pregunta como están as xestións.
- O Sr. Alcalde contesta que tiveron contacto coas partes afectadas e coa Consellería e están pendentes dunha reunión a 4 bandas que quedará fixada estes días.
- A Sra. Lorenzo Fraga di que non é certo que deixaran 0 € nas áreas. En Xuventude quedaron 102.000 €, restando os 25.000 € quedan 77.000 € e pregunta que teñen pensado facer.
- A Sra. Rodríguez Arias di que se tomou unha decisión para facer fronte á axuda no fogar e estanse preparando as actividades.
- O Sr. Mouriño Santiago di se hai un equipo directivo para a Escola de Música e pregunta cando se contrata o profesorado.
- Contesta o SR. Alcalde que o Xerente dimitiu para que se nomee a outro equipo, e se vería se alguén quere presentarse, se non continuarán eles previa presentación ao claustro. O profesorado contratarase.
- O SR. Mouriño Santiago fai os seguintes rogos:
  - Que se faga cumprir a Ordenanza de Terrazas.
  - Que se retire a propaganda política do mobiliario urbano.

- Que o Sr. Alcalde deixe o toque chulesco.
- O Sr. Alcalde contesta que:
  - Poucos establecementos cumpren a ordenanza de terrazas.
  - Intentarán retirar a propaganda política do mobiliario urbano
  - Se pensan que ten un tono chulesco pide desculpas.

**Por parte do público asistente fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:**

- Sr. Presidente de AMACA di que presentou unha carta con varias denuncias pois os hostaleiros fan o que lles dá a gana nas terrazas e pregunta se van a retirar a Ordenanza, pois nas beirarrúas sacaron as barras, mesas e cadeiras.  
O Concello pediu subvencións para os Vilagarcíans e se perderon, e se iso pasa nunha empresa estarán na rúa os directivos e pide aos grupos políticos que teñan dignidade e presenten a dimisión.
- A Sra. García Sanmartín di que hai erros de xestión e erros da Administración, neste caso con respecto á última subvención foi un erro administrativo e pídelle que non se lles achegue a eles.
- Unha Sra. do público pídelle aos grupos políticos que retiren os carteis electorais.  
Di tamén que sobre o salario do Alcalde e os Concelleiros deberían os cidadáns dicir se están ou non de acordo así como os recortes en Xuventude e Cultura.
- O Sr. Piñeiro denuncia que en Trabanca Badiña hai un cerramento que está formado por módulos entrelazados e está cheo de silvas.  
Di tamén que nos Duráns hai unha farola con celo e na Rúa 35 hai que botar formigón.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa, levántase a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.